

SENTENZA EN RELACIÓN COA ENQUIISA SOBRE O GALEGO

A SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ENTENDE QUE NON HA LUGAR A MEDIDAS CAUTELARES DE SUSPENSIÓN DA INSTRUCCIÓN EMITIDA POLA CONSELLERÍA

A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza entende que “non ha lugar a adoptar a medida cautelar de suspensión da instrución emitida pola Consellería”. O Tribunal basea a súa decisión en que non se aprecian circunstancias que “poidan comprometer o exercicio dos dereitos fundamentais alegados durante a realización da consulta, dado que o que se está prohibindo nela é todo acto que entrañe impedimento ou coacción en relación co desenvolvemento do proceso de realización da mesma”.

Dende o STEG entendemos que esa non é a interpretación literal do correo electrónico, pois quen sexa que o lea pode apreciar unha ameaza aos equipos directivos, instándolles a “prohibir todas as accións ou actos, tanto a favor como en contra do mesmo [proceso], mantendo informada en todo momento á Inspección Educativa”.

Neste auto do TSX apreciamos, xa que logo, unha grave subordinación do poder xudicial ao poder político: cede diante da Consellería ao desestimar a suspensión cautelar, pero recoñece -como non podía ser menos!- o libre exercicio dos dereitos constitucionais por parte da comunidade educativa fronte á enquisa da Consellería.

Con todo, apreciamos como positivo o feito de que o Auto indica expresamente que o correo NON impide o exercicio dos dereitos fundamentais de expresión información, reunión, asociación e liberdade sindical “que se poden exercer sen restrición derivada daquela instrución”. Aclaración interesante na medida en que, malia que o proceso xa está rematado, pecha a porta a calquera tipo de sanción ou actuación que a Consellería puidese argallar contra os centros educativos que se realizaron xuntas informativas e outras actividades pedagóxicas e informativas.

De todos os xeitos, o proceso continúa, pois este Auto só se refire ás medidas cautelares. No STEG estaremos sempre atentos ao respecto das liberdades.

Secretariado Nacional do STEG
Galiza, xuño de 2009